

## NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES DO PDI (Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016)

Co fin de estimar as capacidades finais efectivas para encargar as actividades de docencia básica (ADB) ao PDI é preciso aprobar unha normativa de recoñecemento de actividades docentes do PDI. A maiores das ADB, o PDI desenvolve outras actividades ligadas á docencia que é preciso recoñecer, e que poden minorar a capacidade docente efectiva.

Nesta normativa establécense tanto os mecanismos de recoñecemento deste conxunto de actividades ligadas á docencia, como o método de cálculo para establecer a capacidade docente efectiva do PDI en cada curso académico.

Para levar a cabo este cometido débense ter en conta dous aspectos. Por unha banda, o marco legal de dedicación do profesorado universitario está condicionado polo *Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril*, que fixa os máximos de dedicación á actividade docente básica (ADB) do profesorado en función de criterios relacionados cos tramos de investigación. Por outra, os Gobernos Autonómicos establecen nos orzamentos anuais das Universidades da súa competencia, límites concretos ao gasto do Capítulo I, referido a persoal. É dicir, existen restricións orzamentarias de gasto en persoal que escapan ao control do autogoberno da Universidade. Dado que a maior parte do persoal da Universidade de Vigo ten unha relación contractual estable (absorbe a maior parte do orzamento no Capítulo I), a capacidade de recoñecementos horarios ao PDI por dedicación a outras actividades académicas é reducida e, necesariamente, vese limitada polas restricións legais.

### 1. O RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES ANTERIORES

A Normativa de dedicación do profesorado da Universidade de Vigo define como se calcula para cada PDI a capacidade inicial para desenvolver as actividades docentes (CID). En principio, este CID estaría destinada tanto a impartir docencia básica (encargos que figuran nos PODs de cada curso), como ao conxunto de actividades ligadas ao desenvolvemento da mesma: preparación das clases, elaboración de materiais docentes, seguimento e avaliación do alumnado, titorías, exames, cobertura de actas, elaboración das guías docentes, participación na organización docente das materias, etc. Considérase que a dedicación en ADB é a cuarta parte da dedicación docente total. Ao longo deste documento todos os recoñecementos aparecen en horas totais e non en horas de ADB.

Pola súa natureza, unha parte destas actividades vinculadas á docencia básica precisan ser recoñecidas no seguinte curso, tras a súa realización efectiva. Este é o caso de:

- A titorización de TFG ou TFM: aplicable a traballos defendidos e aprobados no curso anterior á elaboración do POD, considerando o número de créditos ECTS dos mesmos.
- Dirección de teses de doutoramento defendidas nos 3 cursos anteriores á elaboración do POD.
- Materias LRU en extinción: apoio para cubrir o esforzo nas materias LRU en extinción que carecen de docencia, ponderado polo nº de persoas matriculadas no curso de elaboración do POD.

- Dirección de Proxectos Fin de Carreira (norma en fase de extinción): aplicable segundo a media de proxectos dirixidos e aprobados nos 2 cursos anteriores á elaboración do POD.

- Docencia impartida en inglés no curso de elaboración do POD, en títulos de grao e máster onde esta lingua non sexa veicular.

O recoñecemento en horas dedicadas a estas actividades docentes calcularase seguindo os criterios que se reflicten na seguinte táboa:

A	Recoñecementos de actividades docentes	Horas a recoñecer
A.1	Titorización de TFG e TFM	16h/6ECTS + 4h/3ECTS adicional
A.2	Dirección de Teses de doutoramento	40h por tese completa nos 3 cursos anteriores
A.3	Dirección Proxectos Fin Carreira	32h por media proxectos nos 2 últimos anos
A.4	Materias LRU en extinción	4h por materia e 20 estudantes ou fracción (min. 5)
A.5	Docencia en inglés	1h por cada 4h destinadas á docencia en inglés
A.6	Outros recoñecementos docentes	a definir para casos específicos

Co fin de que algunhas destas tarefas se repartan entre o máximo número de PDI establécense os seguintes máximos de recoñecementos en horas:

- Máximo de 128 horas de recoñecemento por titorización de TFG.
- Máximo de 128 horas de recoñecemento por titorización de TFM.
- Máximo de 240 horas de recoñecemento por dirección de PFC.

Aplicando estes criterios obtense o conxunto de horas de Recoñecementos de Actividades Docentes e a súa distribución individualizada entre o PDI.

## 2. O RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN DA DOCENCIA

A maiores, boa parte do PDI realiza tarefas de xestión e apoio á docencia de grao e posgrao nos centros e outras actividades de apoio á docencia que é preciso recoñecer.

Distínguense 2 tipos de actividades de xestión da docencia a recoñecer: B.1 e B.2:

**B.1.** Apoio á docencia de grao e posgrao nos centros: contempla aquelas actividades que se atribúen ao centro a xeito de bolsa de horas (actividades B.1.1 á B.1.4), ou as Comisións Académicas do Máster (B.1.5) ou do Doutoramento (B.1.6).

- B.1.1. Coordinación e organización docente: Inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFG ou o TFM, ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. O recoñecemento individual pola titorización de TFG ou TFM contéplanse noutro apartado.
- B.1.2. Intercambio de estudantes: a Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso anterior á elaboración do POD.
- B.1.3. Prácticas do alumnado: A Vicerreitoría competente certificará tanto o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso

anterior á elaboración do POD, como a matrícula nas prácticas curriculares no curso de elaboración do POD (número de estudantes e créditos ECTS das prácticas).

- B.1.4. Xestión da calidade dos centros: apoio ás tarefas ligadas á xestión da calidade nos centros.
- B.1.5. Outras tarefas de apoio: para tratar casos específicos non contemplados nos anteriores apartados. Serán recoñecidos pola Vicerreitoría de Organización Académica a petición xustificada dos Centros ou das comisións Académicas.

**B.2. Apoio individual á docencia:** Aquelas actividades de apoio que se poden asignar de xeito individual ao PDI.

- B.2.1. Atención a estudantes con discapacidade: ao abeiro do regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013), aplicable ao profesorado involucrado na titorización directa de estudantes con discapacidade por encargo da vicerreitoría correspondente .
- B.2.2. Outros recoñecementos individuais: para tratar casos específicos non contemplados nos anteriores apartados. Serán recoñecidos polo Vicerreitoría de Organización Académica á petición xustificada do PDI implicado.

Dada a variedade e casuística existentes, a medición da dedicación a este tipo de tarefas resulta moi complexa e o seu recoñecemento está suxeito ás restricións orzamentarias xa mencionadas. Co fin de poder recoñecer estas dedicacións sen incorporar desequilibrios orzamentarios, incorpórase un sistema de recoñecementos baseados en puntos.

As actividades concretas consideradas e os mecanismos de asignación de puntos reflíctense na seguinte táboa.

	<b>Recoñecementos de actividades de xestión docente</b>	<b>Puntos a recoñecer</b>
<b>B.1</b>	<b>Apoio á docencia nos centros</b>	
B.1.1	Coordinación e organización docente	100 puntos por título + 5 p. por estudante de novo acceso ao título
B.1.2	Intercambio de estudantes	2 p. por estudante de grao ou máster de intercambio
B.1.3	Prácticas do alumnado	1 p. /6ECTS por estudante en prácticas (extracur. a metade)
B.1.4	Xestión da calidade dos centros	50 p. por centro+1 p. por estudante de novo acceso aos títulos de grao e máster do centro
B.1.5	Outras tarefas de apoio á docencia	A definir para casos específicos
<b>B.2</b>	<b>Apoio individual á docencia</b>	
B.2.1	Atención a estudantes con discapacidade	120 puntos por estudante titorizada/o
B.2.2	Outros recoñecementos individuais	A definir para casos específicos

As Xuntas de Centro aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada aos seus títulos nos apartados B.1.1, B.1.2 e B.1.3 (para estudos de Grao) e B.1.4. Unha parte dos puntos do apartado B.1.1 debe destinarse, necesariamente á coordinación dos títulos de grao. Nos títulos non implantados completamente, a bolsa será proporcional ao número de cursos que se impartan.

As Comisións Académicas de Máster aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada no apartado B.1.1, B.1.2 e B.1.3 (para títulos de Máster con repercusión en POD). Unha parte dos puntos do apartado B.1.1 debe destinarse, necesariamente á coordinación do título de Máster. A distribución destes puntos será comunicada polas Comisións Académicas de Máster ao seu centro de adscripción.

As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada no apartado B.1.1 (para estudos de Doutoramento). Unha parte dos puntos do apartado B.1.1 debe destinarse, necesariamente á coordinación do título de doutoramento. A distribución destes puntos será comunicada polas Comisións Académicas do Programa de Doutoramento á Escola Internacional de Doutoramento.

Os centros comunicarán a distribución final de puntos de todos os seus títulos á vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. A Comisión de Organización Académica e Profesorado analizará as propostas e resolverá os conflitos ou dúbidas ao respecto.

Cada título debe ser coordinado por unha soa persoa e ningunha persoa poderá coordinar máis de un, a excepción da posibilidade de coordinar un título de máster e un título de doutoramento cando estean directamente relacionados.

A Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado asignará os recoñecementos individuais de puntos por apoio á docencia (apartado B.2).

Os recoñecementos recollidos neste punto só poderán aplicarse ao profesorado con vinculación permanente, axudante e axudante doutor. Excepcionalmente, por petición razoada dos centros, a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado poderá asignar algún destes recoñecementos a persoas que impartan docencia noutras figuras, sempre que así o aprobe a COAP.

### **3. OS RECOÑECIMENTOS EFECTIVOS E A CAPACIDADE FINAL DOCENTE**

Dada a restrición orzamentaria relativa aos gastos en persoal, é necesario fixar anualmente un teito máximo (TMáx, Teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias) ao conxunto de horas que se poden recoñecer polas actividades docentes contempladas no apartado 1 desta normativa así como polas horas destinadas a modificar a dedicación docente según a correspondente normativa. Así, cada ano, o Consello de Goberno aprobará dito teito máximo para o seguinte curso académico (TMáx) en función da dedicación do profesorado, da execución de actividades docentes do curso anterior, das previsións orzamentarias e dos recursos dispoñibles. Este TMáx debe garantir que, polo menos, se cubran o total de horas destinadas a modificar a dedicación do profesorado e as contempladas no apartado 1, relativas a Recoñecementos de Actividades Docentes. A diferenza entre este TMáx e as horas destinadas a modificar a dedicación e aos recoñecementos, dará o conxunto de horas dispoñibles para o Recoñecemento de Actividades de Xestión da Docencia contempladas no apartado 2. As horas dispoñibles distribuiranse entre o total de puntos acadados polo conxunto do PDI para obter o valor do punto en horas.

Unha vez calculados os recoñecementos efectivos aplicables a cada PDI de xeito individualizado pódese calcular a capacidade final para desenvolver as actividades Docentes de cada PDI no curso.

A CFD do profesorado da Universidade de Vigo, non poderá, salvo no caso do Reitor, ser inferior ao 25% da que lle correspondería antes de calcular a dedicación según a **NORMATIVA DE DEDICACIÓN DO PROFESORADO** e antes de aplicar ningún recoñecemento según a presente normativa, é dicir, da que lle correspondería en aplicación estricta da norma estatal vixente.

Unha vez calculada a capacidade final docente individual do profesorado para o curso, a capacidade final para impartir Actividades Docentes Básicas con repercusión no POD, será equivalente á cuarta parte da mesma.

O profesorado con vinculación permanente a tempo parcial terá unha capacidade para impartir ADB acorde co seu réxime de dedicación.